



Concello do Porriño **DONA EVA GARCÍA DE LA TORRE, ALCALDESA DO CONCELLO DE O PORRIÑO**

De conformidade coa lista de reserva de auxiliares administrativos interinos para a área de PERSOAL-SECRETARÍA XERAL, aprobada por resolución de data 17-10-2016, resultante do proceso selectivo para constituír unha BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL A XEITO DE LISTAS DE RESERVA DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS INTERINOS, pertencente á escala de administración xeral, subescala auxiliar, correspondente ó grupo C, subgrupo C2, de conformidade co establecido no artigo 10.1.b) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e no artigo 23.2.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para prestar servizos no Concello do Porriño, cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Para substituír transitoriamente durante os procesos de Incapacidade Temporal.
- Permiso de maternidade ou paternidade.
- Uso de períodos vacacionais ou permisos.
- Licenzas por asuntos propios o personales.


Dado que dona Avelina Tato Machado, funcionaria interina, que ocupa unha praza vacante, de auxiliar de administración xeral, grupo C-2, que ven desempeñando as súas funcións no servizo de Secretaría deste Concello, está en situación de baixa por incapacidade temporal desde o día 23-08-2016, procedeuse a utilizar a devandita lista de reserva de auxiliares administrativos interinos para a área de PERSOAL-SECRETARÍA XERAL e ao chamamento polo orden de colocación de dita lista.

Habendo renunciado ao chamamento efectuado e por conseguinte ao nomeamento a 1ª e 2ª das persoas que figura na referida lista, chamouse a dona Susana Vázquez Barbosa, con DNI 34.965.732-M (que ocupa o 3º lugar na lista), e está aceptou e presentou a documentación a que se refire a base 9ª das que rexeron o procedemento de creación da referida lista.

Polo exposto e de conformidade co artigo 41.14. d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, e demais normativa de aplicación,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** NOMEAR FUNCIONARIA INTERINA a dona SUSANA VÁZQUEZ BARBOSA, con DNI 34.965.732-M, para substituír transitoriamente, durante a situación de baixa por incapacidade temporal a dona Avelina Tato Machado, funcionaria interina, que ocupa unha praza vacante, de auxiliar de administración xeral, grupo C-2, que ven desempeñando as súas funcións no servizo de Secretaría deste Concello, de conformidade co establecido no artigo 10.1.b) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e no artigo 23.2.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.





Concello do Porriño

**Segundo.-** Os efectos serán desde a toma de posesión que se sinala para o día 27-10-2016, cesando, ademais de polas causas previstas no artigo 63 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), cando finalice a causa que deu lugar a seu nomeamento e as demais situacións derivadas da citada situación de baixa por incapacidade temporal.

**Terceiro.-** Será afiliada e dada de alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social con data 27-10-2016, en consecuencia, procederase a ingresar as correspondentes cotizacións polas contingencias correspondentes.

**Quinto.-** Notificar esta resolución á interesada, pasar unha copia da mesma á Intervención e Tesourería deste Concello para os efectos procedentes.

O manda e asina o Sra. Alcaldesa, dona Eva García de la Torre, no Porriño a vinte e seis de outubro de dous mil dezaseis.

A ALCALDESA

EVA GARCÍA DE LA TORRE

ANTE MÍ  
O SECRETARIO XERAL

EDUARDO PORTELA FERNANDEZ

